

IES “SAN ROSENDO”. MONDOÑEDO

**CICLO FORMATIVO DE GRADO SUPERIOR EN GESTIÓN
FORESTAL E DO MEDIO RURAL**

**ADENDA Á PROGRAMACIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN E
ORIENTACIÓN LABORAL (FOL)**

CURSO 2019 – 2020

ÍNDICE

1. Xustificación.	3
2. Secuenciación e temporización das unidades didácticas.....	4
3. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.	5
4. Contidos básicos.....	8
5. Liñas metodolóxicas xeráis.	9
6. Recursos e material didáctico.....	9
7. Avaliación.	9
8. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	10
9. Criterios de cualificación.	10
10. Recuperación da materia pendente. Perda do dereito á avaliación continua.	11
11. Resultados de aprendizaxe pendentes.	11
12. Publicidade da adenda á programación.....	12
13. Avaliación da adenda á programación.	12

1. XUSTIFICACIÓN.

1.1 Ámbito xeral.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo COVID-19 o que significou, entre outras medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

1.2 Ámbito temporal.

Terceiro trimestre do curso académico 2019/2020

1.3 Ámbito académico.

Esta adenda á programación didáctica está pensada para o módulo de Formación e Orientación Laboral do ciclo formativo de grado superior en “Xestión forestal e do medio rural” que se imparte no IES Plurilingüe “San Rosendo” de Mondoñedo, Lugo, centro de titularidade pública.

1.4 Características do ciclo formativo.

O ciclo formativo consta de 2.000 horas organizadas en 16 módulos que inclúen formación en centros de traballo, módulo no que se poñerán en práctica os coñecementos adquiridos.

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten una duración de 107, repartidos en 4 períodos semanais de 50 minutos. Este módulo impartirase durante o primeiro curso deste ciclo superior.

1.5 Marco legal mínimo.

Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da lei de economía sustentable, Real decreto 260/2011, do 28 de febreiro, polo que se establece o título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural, Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, Decreto 170/2012, do 12 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural, Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia., Resolución do 26 de xullo

de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20., Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial, Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

A fin de permitir que o alumno obteña os resultados de aprendizaxe e se poidan desenvolver os contidos básicos fixados por Decreto 170/2012 para o módulo de FOL, a secuenciación e temporización das unidades didácticas para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 queda fixada deste xeito:

UNIDADES DIDÁCTICAS	SESIÓNS
Bloque de Orientación e inserción laboral	
O proceso de búsqueda de emprego.	6
Itinerarios profesionais.	4
O proxecto e a carreira profesional.	6
Bloque de equipos de traballo e xestión do conflito.	
Os grupos na empresa. Equipos de traballo.	6
O conflito na empresa.	6
A negociación na empresa.	1
Bloque 2: lexislación e relacións laborais	
Modificación, suspensión e extinción da relación laboral.	4
Representación dos traballadores.	6
A Seguridade Social.	8

Esta distribución é unha aproximación, xa que os alumnos traballaran durante este tereciro trimestre do curso 2019-2020 en réxime de tele-traballo. Non se trata tampouco dunha estrutura ríxida, senón que pretende ir abordando e introducindo en calquera momento aspectos de interese para os alumnos de forma que nos diferentes bloques temáticos se

fará referencia – inevitablemente - aos contidos do resto dos bloques, xa que todas eles están interrelacionadas.

3. RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Prevese alcanzar os resultados de aprendizaxe esenciais do módulo de FOL, que son os que a continuación se detallan.

Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación tiveronse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles propias do módulo.

3.1 UD. O proceso de búsqueda de emprego.

RA	CA
RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en xestión forestal e do medio natural. CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

3.2 UD. Itinerarios profesionais.

RA	CA
RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en xestión forestal e do medio natural. CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.

3.3 UD. O proxecto e a carreira profesional.

RA	CA
RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	CA4.6. Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

3.4 UD. Os grupos na empresa. Equipos de traballo.

RA	CA
RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	CA1.1. Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en xestión forestal e do medio natural, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual. CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dosequipos ineficaces. CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.

3.5 UD. O conflito na empresa.

RA	CA
RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.

3.6 UD. A negociación na empresa.

RA	CA
RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas. CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.

3.7 UD. Modificación, suspensión e extinción da relación laboral.

RA	CA
RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.	CA2.9. Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

3.8 UD. Representación dos traballadores.

RA	CA
RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.	CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

3.9 UD. A Seguridade Social.

RA	CA
RA3. Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	CA3.1. Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía. CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

4. CONTIDOS BÁSICOS.

4.1 BC1. Xestión do conflito e equipos de traballo

- Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
- Equipos de traballo eficaces e eficientes.
- Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
- Conflito: características, tipos, causas e etapas.
- Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.2 BC2. Contrato de traballo

- Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
- Sindicatos e asociacións empresariais.
- Representación das persoas traballadoras na empresa.
- Conflitos colectivos.
- Novos contornos de organización do traballo.

4.3 BC3. Seguridade social, emprego e desemprego

- A seguridade social como pilar do estado social.
- Estrutura do sistema de seguridade social.
- Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

4.4 BC4. Procura activa de emprego

- Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
- Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en xestión forestal e do medio natural.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en xestión forestal e do medio natural.
- Proceso de toma de decisións.
- Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

5. LIÑAS METODOLÓXICAS XERÁIS.

Durante o terceiro trimestre do curso académico 2019-2020 o módulo de FOL impartirase a distancia, para o que se empregarán aquelas tecnoloxías da información e comunicación que permitan acadar os resultados de aprendizaxe fixados. Neste censo, porase atención para identificar o alumnado que carezca dos medios de conexión dixital e, en virtude da autonomía docente que permite esta programación, arbitraránse as medidas necesarias que faciliten o seguimento do módulo a todos os alumnos,

A metodoloxía didáctica e funcional na creación dun curso virtual, no que se empregan as tecnoloxías da información e da comunicación, implica responder os requirimentos dos ensinamentos onde se inscriben. Para o módulo de FOL crearase un aula virtual e empregarase o correo electrónico indistantemente como medio para achegar os alumnos os contidos propios de cada unidade didáctica. Na aula virtual matricularanse todos os alumnos que cursen este módulo. A virtualización destes contidos farase mediante documentos de PDF, elaborados polo profesor encargado, que desenvolverán as unidades didácticas programadas, e que se publicaran na mencionada aula virtual. As actividades deseñadas para cada unidade virtual serán publicadas tamén na aula virtual nun formato que permita a modificación e edición ao alumno para o seu posterior envío para a corrección o profesor encargado do módulo. O envío das actividades poderá ser a través da aula virtual ou do correo electrónico. A comunicación entre profesor e alumno realizarase preferentemente a través do correo electrónico, e excepcionalmente a través do teléfono. No está prevista a realización de vídeo-conferencias.

6. RECURSOS E MATERIAL DIDÁCTICO.

Para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe, poderase utilizar calquera material que facilite a comprensión dos contidos, tendo sempre en conta que este deberá ser coherente coas capacidades terminais da unidade, estar adaptado ás circunstancias e características dos alumnos, ser funcional e viable, e o seu uso estar debidamente ordenado e secuenciado. Terase sempre en conta o alumnado que carezca dos medios de conexión dixital o teña dificultades para o seu uso.

Os recursos que se empregarán para o traballo a distancia serán a aula virtual e o correo electrónico. A través destes medios achegaraselle ao alumno todos os materiais precisos para acadar os resultados de aprendizaxe indicados nesta programación.

7. AVALIACIÓN.

Atendendo ao indicado nas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación e cualificación do módulo de FOL adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, beneficiando sempre aos alumnos.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo, para

valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

Durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020 substituirase a proba presencial final por unha proba desenvolva mediante os recursos telemáticos utilizados de xeito habitual no desenvolvemento da modalidade a distancia, Manterase a ponderación da mesma para o cálculo da cualificación final do módulo, xunto aos procesos de avaliación desenvolto ao longo do curso.

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Levarase a cabo un proceso de avaliación dos contidos antes expostos de acordo cos criterios de avaliación establecidos. Para valorar o grao de consecución dos obxectivos fixados para a módulo utilizaranse o seguinte instrumentos de avaliación:

8.1 Actividades de avaliación de coñecementos.

Para cada unidade didáctica deseñarase unha ou varias actividades que permitan verificar que o alumno acadou os resultados de aprendizaxe plantexados. Estas actividades pòderan ser alguna, todas, ou unha combinación das seguintes cuestións: un cuestionario (formado por con entre 4 e 12 preguntas), actividades de aplicación práctica, actividades de comprensión lectora, cuestionarios online de non mais de dez preguntas.

A escala de cualificacións irá de 0 a 10 valorarase como: Excelente (A), Moi ben (B), Ben (C), Regular (D), Mal (E) e Moi Mal (F) diminuíndo 2 puntos por tramo dende 10 (Excelente=A) na súa equivalencia numérica.

É requisito imprescindible para superar calquera avaliación a realización, entrega, e presentación de todos os traballos propostos na forma e prazos (ordinario ou extraordinario) requiridos.

Se o alumno esgotara prazo ordinario, facilitaráselle prazos extraordinarios para a súa entrega na forma requerida. Istes traballos presentados fora do prazo ordinario, pero si dentro do prazo extraordinario, en ningún caso obterán unha cualificación individual superior aos 5 puntos. Unha vez esgotado o prazo extraordinario, independentemente da entrega ou non entrega dun dos traballos propostos suporá unha cualificación individual nese traballo de 0 puntos.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

9.1 Terceira avaliación.

Na terceira avaliación do módulo de FOL durante o curso 2019/2020 a cualificación da terceira avaliación obterase como resultado de calcular a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as actividades de avaliación de coñecementos programadas e descritas anteriormente

9.2 Avaliación final.

A avaliación final do módulo de FOL durante o curso 2019/2020 será o resultado de calcular a media aritmética das cualificacións obtidas na primeira segunda e terceira avaliación. En ningún caso a cualificación obtida por este cálculo podera ser inferior ao resultado de obter a media aritmética da primeira e da segunda avaliación.

9.3 Sistema de redondeo.

O feito de que na acta de avaliación se esixa un número enteiro como cualificación, obriga ao oportuno redondeo do resultado obtido a partir dos cálculos indicados. Aos únicos efectos de obter a nota de avaliación (parcial ou final) do módulo, redondearase o resultado obtido á unidade inmediatamente superior cando a fracción decimal da cualificación ponderada final sexa igual ou superior ás cinco décimas.

10. RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE. PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.

Aqueles alumnos que non acadasen unha puntuación igual ou superior a 5 puntos na avaliación dalgun dos bloques temáticos que integran este módulo ou que incurrirán en incomparecencia inxustificada a alguna delas, e aqueles que superen o 10 % de faltas sobre a duración total do módulo e por tanto perderán o dereito á avaliación continúa, deberán, ao remate do módulo e antes da avaliación, final realizar as actividades de recuperación que se propoñan.

Durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020 as actividades de recuperación consistirán en realizar, para cada unidade didáctica non superada, alguna, todas, ou unha combinación das seguintes actividades: un cuestionario (formado por con entre 4 e 12 preguntas), actividades de aplicación práctica, actividades de comprensión lectora, cuestionarios online de non mais de dez preguntas.

A escala de cualificacións irá de 0 a 10 valorarase como: Excelente (A), Moi ben (B), Ben (C), Regular (D), Mal (E) e Moi Mal (F) diminuíndo 2 puntos por tramo dende 10 (Excelente=A) na súa equivalencia numérica.

É requisito imprescindible para superar calquera avaliación a realización, entrega, e presentación de todos os traballos propostos na forma e prazos (ordinario ou extraordinario) requiridos.

Se o alumno esgotara prazo ordinario, facilitaránselle prazos extraordinarios para a súa entrega na forma requerida. Estes traballos presentados fora do prazo ordinario, pero si dentro do prazo extraordinario, en ningún caso obterán unha cualificación individual superior aos 5 puntos. Unha vez esgotado o prazo extraordinario, independentemente da entrega ou non entrega dun dos traballos propostos suporá unha cualificación individual nese traballo de 0 puntos.

11. RESULTADOS DE APRENDIZAXE PENDENTES.

No caso de que algunos dos resultados de aprendizaxe asociados ao módulo de FOL non se puidera desenvolver debido ás circunstancias excepcionais do curso 2019/2020,

proponerse ao centro educativo a implantación dun procedemento extraordinario para que todo o alumnado poida adquirir ditos resultados de aprendizaxe.

A tal efecto, suxerirase a súa ubicación no módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora que se imparte no segundo ano do ciclo formativo, por ser esta competencia docente do mesmo departamento de FOL. Así mesmo, tamén poderanse incorporar estes resultados de aprendizaxe a outras actividades de formación que deseñe o centro ao inicio do próximo curso, que garantan a consecución dos resultados de aprendizaxe afectados por parte de todo o alumnado.

Se algún dos resultados de aprendizaxe asociados ao módulo de FOL non se puidera desenvolver durante o último trimestre do curso 2019/2020, deberá deixarse constancia deste feito e das alternativas posibles na memoria anual e na acta do departamento correspondente.

12. PUBLICIDADE DA ADENDA Á PROGRAMACIÓN.

A información básica da adaptación da programación didáctica do módulo de FOL para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

O documento guía será remitido polos responsables da súa elaboración á dirección do centro antes do día 12 de maio de 2020 para o seu traslado á inspección educativa. As direccións dos centros responsabilizaranse da súa publicación na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa e de garantir a súa publicidade, seguindo o procedemento establecido no centro. Así mesmo, o profesorado alumnado da súa área, materia, ámbito ou módulo.

13. AVALIACIÓN DA ADENDA Á PROGRAMACIÓN.

En todas as reunións do Departamento avaliarase o seguimento que se esté a facer da programación, e así reflectirase nas actas de cada reunión.

Así mesmo, na memoria final do Departamento farase unha avaliación máis completa sobre o seguimento que se fixo da programación do curso e tamén se valorarán posibles modificacións.

En Mondoñedo, Lugo, a 4 de maio de 2020.

Fdo. Francisco Javier González Nécega, xefe departamento de Formación e Orientación Laboral.